

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se convoca procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, nas especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de música.*

Advertidos erros na citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 73, do 16 de abril de 2018, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 20648, no punto terceiro *in fine* da base sétima: *Órganos de selección*, onde di:

«– Catro vogais, designados/as directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, entre persoal pertencente ao corpo de inspectores de Educación, e catedráticos ou profesores titulares de universidade, preferentemente que posúan unha titulación superior de música».

Debe dicir:

«– Catro vogais, designados/as directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, entre persoal pertencente ao corpo de inspectores de Educación, e catedráticos ou profesores titulares de universidade ou de escolas universitarias, preferentemente que posúan unha titulación superior de música».

